

VIERNES, 9 de noviembre de 2007

REPORTAJE: LUCES

## O País dos contos

EL PAÍS e Galaxia ofrecen unha colección de 22 libros infantís

EL PAÍS | 9 NOV 2007

Archivado en: [Literatura juvenil](#) [Coleccionables](#) [Comunicación](#) [Literatura infantil](#) [Prensa](#) [Literatura](#) [Medios comunicación](#) [Cultura](#)

"A literatura infantil leva xa moitos anos demostrando que é un ámbito punteiro dentro do campo literario galego". Quen fala é Xosé Antón Neira Cruz, escritor e coordinador pola editorial Galaxia de *No país dos contos*, a colección de libros infantís que se repartirá con EL PAÍS a partir deste domingo, 11 de novembro. O primeiro dos 22 títulos, que se entregará de balde, é o clásico *Lolo anda en bicicleta*, con texto de Carlos Casares e ilustracións de Manuel Uhía. O resto dos volumes, impresos en cuatricomía, con tapa dura e dirixidos a primeiros lectores, comparecerán nos quioscos os luns, mércores e venres de cada semana ao prezo de un euro. *No país dos contos* realízase co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e de Caixanova.

"A literatura infantil é punteira na literatura galega", di Neira Cruz

Máis da metade dos libros foron encargados para a colección

"A única guía á hora de elaborar a selección de libros", explica Neira Cruz, "foi a de contar con bos ilustradores e con bos escritores". Os recoñecementos que acumulan os debuxantes e os autores de *No país dos contos* corroboran a afirmación do coidador da colección. O histórico Xan López Domínguez, o primeiro galego premiado na Bienal de Bratislava, pinta e escribe *Voces na lagoa do espantallo*. Tres Premios Nacionais de Literatura Infantil inclúen textos na serie: Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey e Paco Martín, a quen ilustran Xosé Cobas, Xan López Domínguez e José Tomás Díaz en *De cores e de amores*, *Puag, que noxo!* e *Sabeliña e os ratos*.

"No eido da literatura infantil, sobre todo na dirixida a primeiros lectores", sinala Neira Cruz, "hai que falar de coautoría entre escritor e ilustrador". "Unha obra como as que forman *No país dos contos* exprésase polo texto e polo debuxo", indica. Kiko da Silva resolve a dicotomía ao se encargar, ao mesmo tempo, de ilustración e historia en *¿Que contan as ovelas para durmir?*, o segundo libro da colección. María Fe Quesada, outra histórica do debuxo de libros infantís na Galiza, pon as imaxes de *Un rato na casa*, de Helena Villar Janeiro.

*No país dos contos* aparecen obras de escritoras e escritores non habituais nos libros destinados aos máis cativos. A novelista Rosa Aneiros titula *Ourizo cacho e o gran río gris* a súa contribución, con debuxos de Rodrigo Chao. O poeta e ensaísta Xavier Seoane publica *A historia dun can que caeu no tinteiro*, e de Yolanda Castaño sae *Punver*, a súa primeira, e celebrada, incursión nos libros para nenos.

"O álbum ilustrado para pequenos, pola súa aposta estética, interesa tamén aos adultos", opina Xosé Antón Neira Cruz. A colección diríxese, so o epígrafe de *primeiros lectores*, a un segmento de nenos que vai "dos que non saben ler e precisan da mediación dun adulto para se enfrontar aos volumes aos que dan os seus primeiros pasos en solitario na

lectura".

Máis da metade dos libros que forman *No país dos contos* foron encargados especificamente para a colección. Os demais pertencen á categoría de, en palabras de Neira Cruz, "os autores contrastados e recoñecidos". O nivel da literatura infantil galega "non só é recoñecido no país, senón que trascende e os escritores e ilustradores son requiridos no estranxeiro".

Neira Cruz, el mesmo autor de prestixio no eido infantil, lembra que a comezos dos 90, a principal eiva do xénero residía "na carencia de tecido editorial, porque se trata de libros caros". "Agora, as empresas de literatura infantil medraron e situáronse á altura da contorna europea", asegura. "A continua aparición de novos autores de calidade na literatura infantil" é, para Neira Cruz, a característica que produce maior esperanza a lectores e editores.

## Obras

- *Lolo anda en bicicleta*, de **Carlos Casares (escritor) e Manuel Uhía (ilustrador)**
- *¿Que contan as ovellas para durmir?*, de **Kiko da Silva**
- *Rato Pincho (ou a verdadeira historia dos ourizos)*, de **Gloria Sánchez e Pablo Otero**
- *Mola que chova*, de **Renata Otero Ramallal e Renata Otero**
- *De cores e de amores*, de **Xabier P. Docampo e Xosé Cobas**
- *Puag, que noxo!*, de **Fina Casalderrey e Xan López Domínguez**
- *Conto para non comer*, de **Oli e Andrés Meixide**
- *Tres princesas namoradas*, de **Ánxeles Rodríguez Ferrer e Ánxeles Ferrer**
- *Camiño solitario*, de **Ánxela Gracián e Federico Fernández**
- *Quen son?*, de **Alicia Borrás e Andrés Meixide**
- *Punver*, de **Yolanda Castaño e Eduardo Hermida**
- *Herbalúa*, de **Marilar Aleixandre e Enjamio**
- *O Vixilante dos soños*, de **Ana Carreira e Noemí López**
- *Mouchiño mou*, de **Xoán Babarro e David Soler**
- *Marta ten a solución*, de **Ana María Fernández e Patricia Castelao**
- *Voces na lagoa do espantallo*, de **Xan López Domínguez**
- *Vacas na cidade*, de **An Alfaya e Jacobo Fernández**
- *Ourizo cacho e o gran río gris*, de **Rosa Aneiros e Rodrigo Chao**
- *Un rato na casa*, de **Helena Villar Janeiro e María Fe Quesada**
- *A festa no faiado*, de **María Victoria Moreno e Irene Fra**
- *A historia do can que caeu no tinteiro*, de **Xavier Seoane e Paula Mariño**
- *Sabeliña e os ratos*, de **Paco Martín e José Tomás Díaz**

